



## 1. PRESENTACIÓN

- » Presentádesvos.
- » Preguntádeslle o nome á persoa que acode a mediación e pedídeslle que vos diga se xa participou antes nun proceso de mediación.

## 2. EXPLICACIÓN: EN QUE CONSISTE UNHA MEDIACIÓN

- » “A mediación é un proceso no que nós, como persoas mediadoras, non vos imos dar consellos nin solucións para o voso problema. Tampouco tomaremos parte con ningún de vós e prometemos non contarlle a ninguén o que nos digades aquí. Seredes vós os que chegedes a un acordo”

## 3. NORMAS

- » “Para levar a cabo a mediación debemos ter unhas normas:
  - » Teredes que respectar as quendas de palabra na mediación.
  - » Debedes tratarvos con respecto, contar o que vos pasa e que sentides, pero sen acusar á outra parte.
  - » Debedes gardar a confidencialidade, o que se di en mediación queda na mediación.

## 4. ACEPTACIÓN PARA PARTICIPAR NA MEDIACIÓN

- » Aceptas estas normas?
- » Queres que sexamos as persoas que median no voso conflito?

## 5. CÓNTANOS

- » Que foi o que pasou?
  - » Amosar interese.
- » Parafraseo
  - » Polo que entendín.... é así?.
- » Hai algo máis que nos queiras contar?
  - » Parafraseo.
- » Desde cando tedes amizade?
- » Como te sentiches cando pasou o problema?
  - » Parafraseo.
- » Hai máis persoas implicadas no problema?
- » Por que solicitaches vir a mediación?
- » Que necesitarías para solucionar o problema?

## 6. CITA PARA A MEDIACIÓN

- » Agradecemoslle a confianza e o esforzo para solucionar o problema.
- » Poñemos cita para a mediación, na que xa estaredes os 4 (as partes e os mediadores/as).